



PATRICIA BOBILLO RODRÍGUEZ

(Barcelona, 1977)

Combina a súa formación como auxiliar de enfermería especializada en xeriatria coa fotografía de carácter documental, realizando traballos fotográficos sobre temas sociais que lle interesan e nos que se involucra profesional e persoalmente. Ás veces tamén recolle estas historias en formato vídeo, incorporando entrevistas ás persoas retratadas. A súa obra posúe unha ollada profunda que nos fala do pensamento amoroso, das mulleres, da liberdade e da (inter)dependencia, da resiliencia e da enfermidade, do sufrimento, da alegría de vivir, e da infantilización das persoas con diversidade funcional. O seu traballo está impregnado da ética dos coidados, entendéndoos como parte esencial do ser humano.

***Cuidándonos*, 2017**

Vídeo dixital, 13 min

Recolle a historia de Isabel e Maribel, dúas amigas que compartiron xuventude e agora vellez, acompañándose a unha á outra. Viven xuntas desde hai máis de trinta anos, dende o momento no que a Isabel lle diagnosticaron a enfermidade de Raynaud. Desde aquela Maribel decidiu apoiála

e xa nunca máis se separaron. Na súa relación percíbese o amor incondicional ligado ao coidado dunha mesma, así como das demáis. Comparten a vida, suprimindo a división entre coidadora e coidada. Desde unha ollada profunda narra unha historia humilde; a do día a día de persoas de avanzada idade con diversidade funcional e problemas de mobilidade.

CARMEN LLONÍN

(Lugo, 1964. Reside en O Valadouro)

Creadora multidisciplinar e autodidacta. Ten realizado cursos de técnicas pictóricas, gravado, debuxo, fotografía analóxica, e tamén técnicas escultóricas, como a escultura en vidro e a cestería. Ten exposto colectivamente en diversos centros de arte e galerías, principalmente en Galicia pero tamén en León, Oporto e Barcelona. O seu traballo é fundamentalmente introspectivo e autorreferencial, buscando conectar co observador a través das emocións. O silencio e a natureza preséntase como fíos conductores na procura de ligazóns e vencellamentos, coma intersticios de comunicación, diálogo e irmandade. A súa obra indaga en territorios emocionais como a alegría, a ira, o desasosiego ou a soidade. Baixo estes parámetros, e desde a individualidade pretende achegarse ao universal, a todo o que nos fai pertencentes a un Clan.

***Rosa Brava*, 2022**

Fotografía dixital sobre tea intervida con bordado a man
18 x 29 cm

Rosa Brava é unha homenaxe a unha muller loitadora, empoderada, segura dela mesma, que non se doblegaba. Tamén alude á muller tenra e acolledora que con savia creativa disimulaba toda a dor que acumulaba moi fondo. Unha muller que para ben e/ou para mal fíxose a si mesma. Este é unha homenaxe a nai da artista.

***Os fíos do tempo*, 2022**

Fotografía dixital sobre tea intervida con bordado a man
18 x 29 cm

Os fíos do tempo refírese ao transcurso de dúas vidas. É a ligazón inseparable de ambas. Alude aos fíos tecidos durante miles de horas; os fíos que teceron boas e malas experiencias. Son o tira e aflouxa. Son ti debes e eu quero. Están feitos con medos e decepcións, pero tamén con adicación e confianza. Son as pontes que xeran esperanza ou as cordas que te amarran. Son teas para esquecer e tecer novos recordos.



ROSA LLONÍN TORRES

(Mundaka, Biscaia, 1934. Reside en Lugo)

Desde 2019 Carmen Llonín adicouse a coidar á súa nai, residente en Lugo, trasladándoa ao seu domicilio na costa lucense a intervalos dun mes, xa que repartía as tarefas destes coidados co seu irmán. Para pasar o rato, pero sobre todo para mantela activa e coa cabeza ocupada, a artista comezou a usar as ferramentas creativas como exercicio terapéutico para que Rosa Llonín Torres non perdesa por completo a súa memoria, que porén se ía sen remedio a causa da súa demencia senil. Inicialmente comenzaron a pintar sen ningún éxito e sen interese algún por parte de Rosa, ata que atoparon que a técnica do bordado resultou ser a máis axeitada para canalizar a frustración e o tedio, e mais tamén a ilusión, a vitalidade e a resistencia. A proposta presentada por primeira vez no Museo Fortaleza de Narla consta de catro pezas realizadas entre ambas as dúas. Por unha banda, dúas fotografías que reflicten de modo performativo a vivencia entre elas, creando e cosendo xuntas, xa que estas imaxes foron transferidas á tea para logo seren bordadas por Carmen, transformándose e rematando o sentido da peza mediante o debuxo hilvanado. Por outra banda, dous tapices bordados realizados por Rosa -utilizando fragmentos dun pantalón de tergal- durante este tempo de coidados e intercambio creativo.

***O meu universo*, 2021**

Bordado sobre tea

15 x 23 cm

***O son das esferas*, 2022**

Bordado sobre tea

15 x 22 cm

MARTA FERNÁNDEZ CALVO (autora)

(Logroño, 1978. Reside en Madrid)

Artista visual e investigadora especializada na relación entre arte, gastronomía e diversidade funcional. Traballou con colectivos en risco de exclusión social no obradoiro de arte e cocina Food Chorus, realizado con mulleres migrantes en Londres para o programa Politics of Food, comisariado por Dani Burrows para Delfina Foundation en 2019. Nesta mesma edición, desenvolveu o proxecto Casas de Comidas, en relación ao poder conquistado polas mulleres durante a dictadura franquista. Partindo das relacións táctiles que as persoas con mobilidade reducida manteñen cos seus terapeutas e familiares, realizou a acción participativa Acaricia, tiembla no CDAN (Huesca), no marco de Diversario. Primer Festival Transfronterizo de Creatividade e Discapacidade en 2018. A raíz da súa propia experiencia familiar, puxo a mirada nun colectivo que, malia cumprir un papel fundamental, non conta co recoñecemento social que merece: as persoas que coidan.

DANIELA RUIZ MORENO (curadora)

(Buenos Aires, Argentina, 1991. Reside en Madrid)

Formada en Teoría e Historia da Arte en Buenos Aires, traballa como curadora. Desde 2013 coordina o Programa Internacional de Artistas en Residencia da Fundación 'ace', onde ten producido unha ampla variedade de proxectos de arte e ten xestionado asociacións internacionais para facilitar o intercambio artístico. Realiza tarefas de mediación entre artistas e diferentes comunidades, experiencia que a levou a formar parte do equipo do Tate Exchange en Tate Modern e Tate Liverpool en 2019. Actualmente leva a cabo proxectos expositivos en Taiwán e China. Encargouse de a estruturación práctica de *Cuidadorxs Invisibles*, e a través da escoita e o acompañamento, desenvolveu unha metodoloxía colaborativa, caracterizada por unha alta permeabilidade entre a práctica artística e a práctica curatorial.



CUIDADOS

**VULNERABILIDADES
E DEPENDENCIAS**

**OLLADAS DESDE
OS FEMINISMOS**

> Museo Fortaleza San Paio de Narla

Cuidadorxs Invisibles

A orixe de *Cuidadorxs Invisibles* son os pais de Marta Fernández Calvo –unha ama de casa e un litógrafo– xunto á esclerosis múltiple, que converteu ao seu pai en cuidador. A idea e a necesidade de levalo a cabo xorde dunha conversación con el, na súa primeira viaxe a Madrid, tralo falecemento de Ana en decembro de 2019. Xuntos déronse conta da complexidade da figura da persoa que cuida e de como a súa identidade vaise transformando coa enfermidade.

Coa colaboración de artistas de diferentes disciplinas, xerouse unha experiencia expandida do doméstico a través do son, o corpo, a arquitectura e a voz. A arte e a cociña únense para dar lugar a espazos de encontro, de compromiso e de comunidade. É un proxecto artístico dirixido a cuidadorxs non profesionais de persoas con enfermidades dexenerativas. A través dun obradoiro virtual elaboraron un *Arquivo Sonoro dos Cuidados* no que as persoas participantes narran a súa experiencia dos cuidados en primeira persoa. Desenvolveuse a través de talleres virtuales de cociña cuxas receitas estaban intimamente ligadas á historia persoal das persoas participantes. En 2020, co apoio da convocatoria 'Art for Change' de Fundación La Caixa, tivo a oportunidade de converter esta experiencia persoal nun proxecto artístico. Na súa primeira edición en 2021, desenvolveu un proxecto piloto con persoas cuidadoras do distrito de Carabanchel (Madrid), acompañado pola curadora Daniela Ruiz Moreno.

Neste *Arquivo Sonoro dos Cuidados* recóllense os testemuños orais e as vivencias das persoas que cuidan; cuidadorxs non remunerados de persoas con enfermidades dexenerativas. A través dunha serie de pezas sonoras queren poñer en valor este colectivo ao que o cuidado non remunerado sitúa nas marxes da invisibilidade e a exclusión social, para así contribuír á construción dun patrimonio sonoro dos cuidados e a enfermidade.

Arquivo Sonoro dos Cuidados

(varios distritos de Madrid –Carabanchel, Arganzuela, Tetuán– e País Vasco, 2021-2022)

Audio dixital, 2-3 min cada pista

13 pezas sonoras

Deseño sonoro: Javier Aquilué

Artistas colaboradores nos obradoiros virtuais con cuidadorxs non profesionais:

Paz Martín Rodríguez (arquitecta),

María Jérez (artista visual e coreógrafa)

e Su Garrido Pombo (cantante e creadora musical)

<https://cuidadorxsinvisible.com/>

lg@cuidadorxsinvisible.com



ANDREA COSTAS

(Vigo, 1978)

Artista visual que desenvolve a súa labor creativa utilizando diversas linguaxes como instalación, vídeo ou performance, aínda que é mais coñecida polo seu traballo fotográfico. A súa persoal narrativa soe tratar temas tan cotiáns coma universais dende unha perspectiva emocional e psicolóxica.

Presenta por primeira vez dúas pezas que forman parte do amplo e inédito proxecto *Desapego*, composto por un conxunto extenso e heteroxéneo de pezas (imaxes fotográficas, vídeos e instalacións) nas que reflexiona sobre a experiencia da maternidade propia desde un punto de vista non idealizado, deixando constancia das contradicións e desafíos que supón esta oportunidade ofrecida pola vida para cuestionarnos e crecer. O título refírese ao proceso continuo de separación experimentado desde o mesmo momento do parto. Un proceso necesario e liberador para ambas partes, que tamén supón moita confusión e ambivalencia.

Na videoperformance *Feliz* amosa a ambivalencia que sentiu tralo destete de Emma e Simón; denotando unha paradóxica mestura de alegría e tristura nunha montaña rusa emocional de sentimentos encontrados. *Arrolo* é unha peza sonora creada especificamente para o Museo Pazo de Tor a partir do son mántrico que usaba para durmir aos seus bebés. Esta foi realizada coa colaboración do músico Marco Maril.

***Feliz*, 2021**

Vídeo dixital, 6 min

***Arrolo*, 2022**

Audio dixital, 7 min

Deseño sonoro: Marco Maril

Arrolo de Emma e Simón

Son de Emma e Simón (xogo do verbo ser)

Aire aniñado (diferente lectura segundo o idioma)

Calmama / Mamarmuración

Son deleite

Acougo estrelecido

Acochadiños / Acubillados

Sosego / Remanso / Consuelo / Tenrura

Ondanadas / Mareas

Algo noso

Cando a miña presenza era o único necesario

Presente (estar e regalo)



XISELA FRANCO

(Vigo, 1978)

Artista/cineasta con ampla trayectoria no documental de creación e cine experimental. Licenciada en Comunicación Audiovisual e logo en Filosofía pola UEM, entre 2006-2010 trasládase a Toronto cunha bolsa de postgrado e estudia un MFA en York University ao tempo que conecta coa comunidade de vangardia canadense. O seu traballo de investigación artística (teórico/práctico) atópase na intersección entre o cinema e a arte desde unha perspectiva feminista. Combina esta vocación artística coa docencia, actualmente na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.

***Vía Láctea*, 2013**

16mm transferido a vídeo dixital, 4 min

A modo de virxe lactante, presenta un autorretrato de maternidade. Sobre os seus corpos espidos proxéctase película de 16mm, restos de celuloide antigo reutilizado, un material pintado peviamente pola artista, fotograma a fotograma. Así consegue un efecto moteado de abstracción en movemento que se imprime sobre nai e filla coma se fosen un lenzo transformado pola memoria. O deseño sonoro contribúe a crear unha paisaxe emocional escura.



ANA GESTO

(Santiago de Compostela, 1978)

Artista poliédrica que deseñou ao longo da súa traxectoria profesional un universo simbólico de obxectos trasmutados que fluctúan entre estética, materia, son e emoción. Aínda que a súa produción artística atópase a medio camiño entre a performance, a vídeo-creación e a fotografía, a súa obra acusa unha forte tendencia cara á linguaxe escultórica e a experimentación acústica como medio para reafirmar a súa identidade cultural e as súas raíces. Centra as súas inquiredanzas no potencial escénico e documental do medio performático que, tendo ao propio corpo como soporte, permítelle indagar na evocación sensorial doutros tempos e espazos, a interacción entre os diversos elementos híbridos que conforman o seu imaxinario estético, a construción dun ambiente invadido por referencias armónicas e disonancias superpostas. Enerxía e paixón a través de accións intensas e solemnes, dun lirismo, ás veces dramático, só roto en certas ocasións polo estudado emprego da fina ironía ou a implicación do público nas súas accións. Por iso, cada peza é única en si mesma e, ao tempo, dialoga abertamente coa súa produción pasada e futura, pois o compoñente procesual e evolutivo forma parte do resultado final.

Nai e filla xogando ás performances.

De calores e outras historias, 2022

Vídeo dixital, 8 min

Cámara: Jesús Alonso

Micro-acción grabada en vídeo e realizada na súa propia casa, en Santiago de Compostela. Forma parte dunha serie de divertimentos entre nai e filla, que comezaron en 2019 como vía para a conciliación familiar/laboral. Neste caso traballa co climaterio ou perimenopausa en tono cómico, empregando unha pera que se emprega para limpar os oídos ou aspirar os mocos. Esta peza foi realizada especificamente para esta exposición.

2 de Copas, 2 de Espadas e Cabalo de Copas, 2020

Libro de artista (fotografía e obxecto en caixa)

Impresión fotográfica e texto en formato carta de baralla

(3 exemplares)

14 x 20 cm

Trátase de tres foto-accións realizadas xunto coa súa filla Berta para realizar a reinterpretación dos palos da baralla española promovida por Ediciones Canibaal (Valencia), que baixo o título *Mujeres Dadá* contaba coa participación doutras artistas. A retórica visual das súas creacións invita ao espectador a pensar, a xogar coas posibilidades, a intuír ideas e conceptos, a establecer múltiples lecturas e a deixar voar a imaxinación.

Nai e filla. Navarra

(Serie Do de peito), 2019

Fotografía dixital con marco de prata familiar

18 x 24 cm

Foto: Jesús Alonso

Making-off, xunto con a súa filla Berta, da foto-acción que recentemente foi cartaz da exposición *Recolectoras*, celebrada no Museo Provincial de Lugo.



ANDREA HAUER

(Concepción, Chile, 1974. Reside en Madrid)

O traballo que desenvolve fundaméntase no uso de materiais recuperados do seu ámbito cotián: textiles, plásticos, caixas, ramas, etc. Desenvolve procesos manuais simples e repetitivos -coma cortar, tecer, pegar ou coser- relacionados co mundo textil e doméstico, historicamente ligado á muller. Interésalle reflexionar sobre a maneira de estar no mundo das mulleres e como nos relacionamos con este, centrando o seu interese no coidado polo outro, tanto persoas como a natureza. A súa poposta reivindica un modo de facer arte alonxado da dinámica consumista; e, polo tanto, preséntase como un exercicio consciente e constante de utilizar ou transformar o que está ao noso arredor.

Desde 2019 esta artista austríaco-chilena traballa en *Second Skin Abstract*, unha serie escultórica que se refire ao traballo de coidados dentro do ámbito privado e ao coidado medio ambiental, creando obxectos brandos e flexibles dentro unha abstracción marcadamente orgánica. Esta serie de obras foron realizadas con obxectos recolleitos pola cidade e materiais usados pola súa propia familia no ámbito do cotián: camisetas dos fillos da artista, que foron lavadas e manipuladas pola familia centos de veces, xunto con ramas atopadas na rúa e cámaras de bicicleta tamén usadas pola familia. O confinamento de 2020 propiciou unha nova creación de obras entrelazadas co coidado dos seus fillos. Sérvese da roupa usada como metáfora para falar do traballo de coidados dentro do núcleo familiar, que unida aos elementos naturais, subliña a nosa eco-dependencia. Formalmente, os obxectos escultóricos se estruturan arredor de ramas e paus con teas reconvertidas en protuberancias, órganos e vasos comunicantes. Estas formas abstractas e orgánicas se hibridan formando obxectos aparentemente fráxiles, inestables e dependentes como unha metáfora do noso propio corpo.

Original Piece

(Serie Second Skin Abstract), 2019

Escultura realizada con materiais reciclados:
camisetas usadas e fieltro industrial
110 x 38 x 30 cm

Grid (Serie Second Skin Abstract), 2019

Escultura realizada con materiais reciclados:
camisetas usadas e caucho
125 x 100 x 23 cm

Bichos 1, 2, 3

(Serie Second Skin Abstract), 2019

Esculturas realizadas con materiais reciclados:
camisetas usadas, caucho e ramas atopadas
43 x 40 x 22 cm
40 x 30 x 23 cm
54 x 14 x 25 cm



MAR CALDAS

(Vigo, 1964)

Na súa práctica artística destaca o uso do texto, a fotografía e o vídeo, incorporando recursos performáticos e procesuais. Combina a práctica artística cun labor teórico que deu lugar a ensaios, conferencias e comisariados. A súa obra xira arredor de conceptos como a conversión do obxecto da representación en suxeito, a representación do outro, a fotografía escenificada, a micro-historia, a teatralidade, a referencialidade, a visibilidade / invisibilidade das mulleres ou o traballo feminino.

100% Contigo, 2018 / 2022

Fotografía dixital sobre tea
6 pezas de 2 m x 1 m
Intervención na fachada

e veludo vermello do salón de plenos do Concello alzaban ás cidadás. Enmarcábanas elegantes telones de fondo, aludindo aos tecidos de seda e brocados propios do traxe galego tradicional.

100% Contigo, 2018 / 2022

Fotolibro, 5 exemplares
19,5 cm x 11,4 cm (4 uds)
15,3 cm x 15 cm

Logo de retratalas preguntáballes sobre os traballos desempeñados no presente e no pasado. Deseguido se revelou a incidencia da emigración na comunidade de rosaleiras, especialmente a Suiza. Nas conversacións suscitouse a cuestión daqueles traballos que non se consideran como tales polo nulo recoñecemento social e pola falta de remuneración; traballos dos que se esquece a súa existencia porque se dan por sentado, traballos que nin teñen nome: as labores relacionadas co campo, co fogar e co coidado de membros da familia.

A artista recolectou case un centenar de rostros e relatos que conforman un retrato colectivo da Comarca do Rosal en feminino. No mes de xullo de 2018, durante a feira do viño e as festas parroquiais, a artista instalou un estudo fotográfico na praza principal do pobo. En tales contextos de lecer e conmemoración, invitaba ás mulleres a ser fotografadas individualmente ou en grupo, a modo de retrato de familia. Un certo apunte antropológico xorde dun proxecto artístico no que utilizou recursos da fotografía popular -o estudo fotográfico ambulante, o dispositivo portátil- e da historia da pintura, como a composición, a iluminación e a postura. Co atrezzo utilizado para o retrato quería destacar o protagonismo social das mulleres e realzar a súa grandeza e dignidade: os sillones de madeira nobre

No Museo Provincial do Mar a artista intervéñ na fachada principal con seis fotografías transferidas a tea, realizadas en gran formato. Tamén presenta un fotolibro realizado especificamente para esta exposición, no que se inclúen a totalidade dos máis de setenta retratos realizados a estas mulleres, acompañados dos seus respectivos textos onde explican quen son e a que se adican, visibilizando a contribución destas mulleres á súa comunidade.



ELIZABETH ROSS

(Cidade de México, 1954. Reside en Cuernavaca, Morelos, México)

Artista visual, curadora, xestora cultural, escritora e investigadora feminista. De ascendencia náhuatl, asturiana e mexicana, foi influenciada polos movementos sociais xurdidos en 1968. Activa como artista desde os noventa, sobre todo traballando con museos e galerías, en 2003 decide levar su obra á rúa para interactuar directamente co público, a través de instalacións, intervencións e accións artísticas. Manexa distintos medios como a cerámica, a escultura, a fotografía, a escritura, o vídeo e multimedia, land art, e o que ela mesma denomina “axións” rituais. É iniciadora de procesos socioculturais, líder de proxectos artísticos e de investigación, promotora de propostas xornalísticas e comunitarias, nas cales busca de xeito insistente, co feminismo como eixe transversal, a intersección da arte, a identidade, o medio ambiente, a memoria, a política e o eido social, xunto coa creación de redes que potencien o desenvolvemento dos proxectos e de quen se implica neles.

¿Y, dónde están las mujeres?

Cruzando océanos

(2013-2015 / 2022)

Vídeo dixital, 25 min

Proxecto artístico, procesual e participativo de investigación, acción e produción sobre as mulleres e a súa mobilidade territorial, temporal e psicolóxica. Entrevistou, entre 2013 e 2015, a unha serie de mulleres migrantes tanto en España -fundamentalmente na Coruña e Madrid- como en México. Son mulleres proveñen de diferentes países: coidadoras doutros que buscan selo tamén de si mesmas, para reflexionar sobre a migración desde unha perspectiva de xénero. Anteriormente noutras propostas de *¿Y, dónde están las mujeres?*

combinou fotografía, instalación e vídeo para falar sobre a migración, centrándose no que sueñan, desexan e lembran as mulleres que migran. Para este vídeo, que se presenta por primeira vez no Museo Provincial do Mar, seleccionou as historias de dúas mulleres: unha latinoamericana e outra española, como contraste e exemplo das distintas realidades. Por unha banda, Marlen de Honduras, con estudos administrativos no seu país, pero que exerce de traballadora doméstica e coidadora en Madrid para poder manter aos seus irmáns. Por outra banda, Débora de Lugo: nai de dous fillos, decoradora e propietaria dunha tenda na Coruña antes de marchar a Cidade de México para buscarse a si mesma, onde traballa como profesora de ioga infantil.